FESTAS DA PEREGRINA EN BERTAMIRÁNS

# Bertamiráns baila pola Peregrina

## París de Noia, Los Satélites e Guadi Galego, entre as actuacións das verbenas do 7 ao 11 de agosto

**B. C.** [BERTAMIRÁNS]

Bertamiráns da comezo ás festas da Peregrina hoxe, mércores 7 de agosto, da man da orquestra París de Noia e maila discoteca móbil CDC. É o punto final dun festexos que arrincaron coas festas da Madalena do Milladoiro, que foron do 2 ao 6 de agosto.

A París de Noia é unha das orquestras máis queridas polo público galego. A súa xira Welcome to the party pasará por Bertamiráns para facer bailar a todo o mundo.

O xoves 8 será a quenda da orquestra Los Satélites, cun repertorio que animará tanto a nenos como a maiores. Creada en 1938 na Coruña, é tamén unha das agrupacións musicais máis recoñecidas e esperadas nestas verbenas.

De seguido, o venres 9 de agosto, chegarán Guadi Galego, que actuará no parque do Ameneiral, así como grupo La Banda de Ayer e a discoteca móbil Impacto, que estarán no campo da festa.



**Concerto de Guadi Galego.** // Iago López

Guadi Galego xira para celebrar os 25 anos da súa trayectoria. *Roibén* é o seu último traballo, pero tamén canta temas dun pasado que adora. Pola súa parte, La Banda de Ayer fará un percorrido pola música pop e rock dos anos 80, 90 e 2000.

Para o sábado 10 de agosto está prevista a actuación da Requinta da Amaía e a Coral Lojo Batalla xunto con Los Coleguitas e a discoteca móbil Fabrik.

AS FESTAS COMEZAN HOXE, MÉRCORES 7 DE AGOSTO, DA MAN DA ORQUESTRA PARÍS DE NOIA E A DISCOTECA MÓBIL CDC

As festas da Peregrina rematarán o domingo 11 coas actuacións de Airiños do Paseo de Colón, da Banda de Música de Lousame e de Tania Veiras, coñecida tamén por ser reporteira na Televisión de Galicia.

Ademais, os días 7, 8 e 9 haberá pasarrúas a cargo das charangas A Santa Compaña, Os Celtas e a BBB de Ourense.

OSO BLANCO
LAVANDERÍA AUTOSERVICIO

clínica de podoloxía
www.podologabertamirans.com
Noemí Sanluís Fernández
Podóloga col. nº 614
RS: C-15-000684
Avda. da Mahía, 38 - 1ºA • Bertamiráns - AMES (A Coruña)
T. 981 884 515 (cita previa) · noemisanluis@yahoo.es

O Papafigos
servizos veterinarios
CONSULTA PREVENTIVA E ASISTENCIAL
LABORATORIO PROPIO
DIAGNÓSTICO POR IMAXE
CONSULTAS A DOMICILIO
CIRURXIA DE TECIDOS BRANDOS
TENDA ESPECIALIZADA
PERRUQUERÍA
URXENCIAS 24 H.
Horario: L-V 09.30-19.00h; sábados 10.00-14.00h
Tel: 981 937 279 · Urx.: 604 007 654
Praza de Chavián, Bloque 2, Portal 3 - Bx.
BERTAMIRÁNS - AMES
opapafigosvet@gmail.com
www.opapafigos.com

Talleres VERDE
981 88 32 53 | BERTAMIRÁNS

• Aire acondicionado
• Montaje ruedas
• Revisión pre-ITV
• Vehículos nuevos
• Vehículos usados
• Mecánica (frenos, escapes, amortiguadores, correas distribución, etc)
• Electricidad
• Revisiones y cambio aceites
Reparamos todas las marcas

GESTINFOR
GESTIÓN GLOBAL
Les desea Felices Fiestas de la Peregrina
SEGUROS MAPFRE
Avda. de la Mahía, 78 - bajo, 4
BERTAMIRÁNS - Ames
T 981 89 11 00 - F 981 89 11 33
gestinfor@gestinfor.es - www.gestinfor.es

FESTAS DA PEREGRINA EN BERTAMIRÁNS

# Un pazo único cunha historia imprecisa

## Presidido por unha fonte, puido nacer como centro de recadación de rendas



**O Pazo da Peregrina.** // ECG

**B. C.** [BERTAMIRÁNS]

O Pazo da Peregrina ten unha historia bastante escura e imprecisa, pero é un lugar moi especial en Bertamiráns que ben merece unha visita. Algúns autores relacionan a súa orixe coa Casa de Altamira, pero esta teoría parece pouco probable, xa que Bertamiráns pertencía á xurisdición da Maía, dominada polo arcebispado compostelán, e ambas as dúas institucións mantiveron entre elas grandes disputas polo dominio de terras da área compostelá.

O Pazo da Peregrina puido nacer como centro de recadación de rendas, ben do cabido de Santiago ou ben dalgún comerciante acomodado. Na documentación parroquial de finais do século XIX aparece descrita como *casa de quinta*, é dicir, casa de campo pertencente a unha familia acomodada. O actual complexo presenta as características propias dun pazo: casa principal, edificios auxiliares destinados a dependencias labregas, capela e xardín; todo isto pechado por un muro no que se abren varias entradas. Estas construcións ordénanse arredor dun patio presidido por unha fonte ornamental. Hai tamén unha capela, un templo pequeno e sinxelo, de planta rectangular e nave única con cuberta a dúas augas. A falta de documentación anterior fai pensar que se construíu no século XIX.



**Festas en Ames.** // ECG

# Tercer ano de unión entre Bertamiráns e O Milladoiro

**B. C.** [BERTAMIRÁNS]

Os dous núcleos principais de Ames, O Milladoiro e Bertamiráns, celebran por terceiro ano consecutivo, despois de facelo en 2022 e 2023, as súas festas da Madalena —xa rematadas— e da Peregrina de xeito conxunto, nunha programación de 10 días que comezou o venres 2 e rematará este domingo 11 de agosto. *Ames en Festas* é o nome deste cartel, no que colaboran o Concello de Ames, as comisións de festas da Madalena e da Peregrina e a Xuntanza de Empresarios de Ames. É a unión perfecta para festexar e reunir este verán en Ames ás mellores orquestras de toda Galicia.

ÁLVARO ZARAUZA
Mediador de Seguros
SERVICIOS FUNERARIOS 24 H
620 864 303 - 981 883 374
a.zarauza@hotmail.com
Praza Horta de Abaixo, bq. 3 baixo
15220 Bertamiráns - AMES (A Coruña)

ANA CAMIÑO
ABOGADA
Avda. da Mahía nº 68, 1º, Bertamiráns, Ames
T. 981 884 923
www.anacaminoabogado.com

Gelina
FROITAS E VERDURAS

VISITA A NOSA TENDA DENDE O TEU WHATSAPP
616 668 954
TENDAS EN: BERTAMIRÁNS, PADRÓN E MILLADOIRO
frutasgelina.com

HORIZONTAL
Comunidades
Avda. da Mahía nº 68, 1º
Bertamiráns, Ames - T. 981 884 923
www.horizontalcomunidades.com

noa hogar
Visita nuestra Web... y ¡Síguenos!
Sto. Domingo de la Calzada, bj 1 Izq
tfn. 881 978 967
(Santiago)
Avd. da Peregrina, 1
tfn. 881 080 986
(Bertamiráns)
Reboriño, 16
tfn. 881 95 70 90
(Galanas - Teo)

AUTOESCOLA CALO

Avda. da Mahía 20, baixo
15220 Bertamiráns (Ames)
881 126 557 | calo.bertamirans@gmail.com

GABINETE MÉDICO PSICOLÓGICO
PSICOMEDICINA Y PSICOTERAPIA
Dr. Antonio Rodríguez Pombo
Médico y psicólogo clínico
Estrés - Ansiedad
Depresión - Trastornos sexuales
Trastornos de la conducta
Alcoholismo y adicción a sustancias
Tratamiento médico y psicológico de los problemas personales y de relación
CONSULTA DE 9 a 1 y de 4 a 8
PREVIA CITA
T. 981 560 999
SANTIAGO • BERTAMIRÁNS
www.gabinetemedicopsicologico.com
27 Aniversario

FESTAS DA PEREGRINA EN BERTAMIRÁNS

# A Romaría Urbana, un plan que non se pode perder

## O parque do Ameneiral será o escenario da festa, na que haberá postos para xantar e moita música

**B. C.** [BERTAMIRÁNS]

Este ano, dentro das xa tradicionais festas da Peregrina de Bertamiráns, celebrarase a segunda edición da Romaría Urbana que se realizará no parque do Ameneiral. Esta cita está prevista para o sábado 10 de agosto.

A Romaría comezará a partir das 13.30 horas cunha sesión vermú. Ao longo de toda a tarde haberá diversas actuacións musicais a cargo dos grupos Sr. Salvaje, Stormy Trucks, Michu da Rocha e V-Roc.

Haberá postos para poder xantar no parque e moita música en directo. A través desta iniciativa trátase de levar a festa ao centro de Bertamiráns para que a veciñanza poida gozar desta Romaría e tamén teña un retorno económico para os establecementos comerciais e hostaleiros da localidade.

Este encontro foi a gran novidade da edición do ano pasado e tivo tanto éxito que a comisión de festas non dubidou en repetir neste 2024.

Familias e grupos de amigos únense nesta xornada para compartir comida e bebida nun enclave moi especial. O mellor é que durante todo o día soará a música, para animar a nenos e maiores.

O Concello de Ames fixo un esforzo este 2024 para dar as mellores festas a Bertamiráns e tamén a O Milladoiro. Comparten dez xornadas de festexos —que dan cinco— que rematan estes días entre a música da París de Noia, de Guadi Galego e Los Satélites, pero non todo ocorre encima do escenario. Son uns días de festexar, de rir, de reencontrarse coa xente, de saír a rúa a bailar e cantar e de xantar con amigos e familiares.




**Presentación das festas en Ames.** // ECG

ESTE ENCONTRO NO PARQUE DO AMENEIRAL FOI A GRAN NOVIDADE DA EDICIÓN DE 2023

Síguenos en Facebook
Tropic Cafetería Restaurante
Bertamiráns
T. 981 890 868
www.tropicburguer.com

Clínica Dental diensa
Rúa Ameneiral, 12, 1ºD, **Bertamiráns**, A Coruña - Teléfono: 981 89 00 51
Rúa Waldo Álvarez Insúa, 5, **A Estrada**, Pontevedra - Teléfono: 986 18 01 80




